

### **UGT esixe que a integración do PTFP a Secundaria estea resolta a principios de curso e segue reclamando a equiparación salarial para o resto**

O Sector de Ensino demanda coordinación e un calendario claro para os procesos de estabilización.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional reuniu hoxe ás organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación de Persoal Docente non Universitario para abordar o futuro Real Decreto polo que se regula a integración do profesorado do corpo para extinguir de Profesores Técnicos de Formación Profesional (PTFP) no corpo de profesores de Ensino Secundario, en aplicación da LOMLOE e a Lei de FP, que reordenan as especialidades do profesorado que imparte docencia no ámbito da Formación Profesional do sistema educativo.

O Sector de Ensino de UGT valora que a proposta presentada polo Ministerio de Educación e FP recolla parte das principais reivindicacións que viñemos defendendo, pero lamenta que non se aborden outras cuestións importantes que afectan o profesorado que consideramos debe incluír.

UGT veu esixindo que esta normativa estableza un procedemento automático e áxil que se realice de forma simultánea en todas as CCAA, tras a publicación do Real Decreto, que permita que a integración do profesorado estea resolta ao comezo do próximo curso escolar 2022-2023.

Todo o profesorado técnico de Formación Profesional que acredite titulación universitaria poderá solicitar a integración no corpo de Secundaria, pertenza ou non ás especialidades docentes integradas no corpo de Secundaria.

A norma garante que o profesorado con máis dunha especialidade no corpo de PTFP poida integrarse ao Corpo de Secundaria con todas as especialidades que posúa. Tamén que o profesorado que se atopa en determinadas situacións administrativas, exceptuando a excedencia voluntaria na que se debe reingresar ao servizo activo, poida solicitar a súa integración ao corpo de Secundaria.

Con todo, UGT reclamou que o Ministerio considere algunhas cuestións que deben ser obxecto de revisión. En relación aos prazos do procedemento, solicitamos que haxa unha coordinación entre as Administracións educativas, para que poida celebrarse o procedemento en todas as CCAA tras a publicación do Real Decreto, e que se inclúa un prazo máximo, que pode ser de 20 ou

## Enseñanza Informa

30 días, que garanta que os procedementos se convoquen. O Real Decreto limita o período para a integración ao 19 xaneiro de 2026; a xuízo de UGT, debería articularse unha modificación normativa que permita que este prazo sexa indefinido.

Ademais, o profesorado técnico de Formación Profesional que non ten titulación universitaria, pero que opta a ela, debería ver recolleitos no Real Decreto cuestións que lle permitan ter un desenvolvemento profesional mediante o recoñecemento de parte dos créditos necesarios para obter o título de grao a través da convalidación da experiencia laboral e docente. Tamén reclamamos para este profesorado unha redacción máis precisa que garanta o seu dereito sobre a adquisición de novas especialidades e sobre a mobilidade no concurso de traslados.

Ao mesmo tempo, o profesorado funcionario en prácticas e interino debería poder ver recoñecido o seu dereito para estar encadrado no Subgrupo A1, se cumpren os requisitos, na data do 19 de xaneiro de 2021, tal como recolle o Real Decreto.

Preocúpanos que este desenvolvemento normativo coincida cos procesos de estabilización, sobre todo para o profesorado interino daquelas especialidades que pasaron a Secundaria que non teñen titulación universitaria, e que non se puideron presentar a oposicións porque non se convocaron nos últimos anos. Un profesorado do que o noso sistema educativo non pode prescindir, e para o que solicitamos que se estableza un período transitorio, tal e como se facía en normativas anteriores, que permita que este profesorado poida presentarse aos procesos selectivos e poida permanecer nas listas de interinos.

Tamén solicitamos a aclaración por parte do Ministerio de Educación dunha cuestión que preocupa nos procesos de estabilización que se están desenvolvendo, e se se están tendo en conta as novas especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP, que non se están vendo reflectidas nas convocatorias das ofertas de emprego.

Por último, desde UGT plantexamos a necesidade dunha negociación máis ampla, onde se aborde a integración no Subgrupo A1 do corpo de Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño, así como do corpo de Mestres, e tamén a revisión dos corpos de Ensinos Artísticos para que o profesorado que imparte ensinamentos superiores de Grao e Máster poida ter o recoñecemento que merece e onde o Ministerio aborde a equiparación salarial do Profesorado Técnico de FP que non se integra no corpo de Secundaria.

O Ministerio deu resposta a algunhas das cuestións expostas polas

## Enseñanza Informa

organizacións sindicais, pero noutras non os vimos abertos a incluír as cuestións esixidas. Sobre o prazo que teñen previsto na publicación do Real Decreto, explicaron que se está tramitando coa máxima celeridade para que poida estar publicado no último trimestre do curso.

Doutra banda, valorarán o incluír un prazo máximo que garanta que se cumpre a lei na convocatoria dos procesos. Non foron receptivos na posibilidade de ampliar o prazo do 19 de xaneiro de 2026 para a solicitude de integración ao corpo de Secundaria. Explican que a lei define o prazo de cinco anos para desenvolver o proceso de integración.

En canto ao profesorado interino, o Ministerio non contempla incluír ningunha excepcionalidade mediante un procedemento transitorio que permita que o profesorado poida participar nos procesos selectivos e permanecer en listas de interinidade.

Podemos concluír dicindo que o Ministerio non foi receptivo a cuestións ao noso xuízo importantes, situación que rexeitamos. Seguiremos reivindicando estas e outras cuestións nos órganos de representación correspondentes, que plantexamos co respaldo dos nosos servizos xurídicos, porque mellorarían a situación de moitos traballadores e traballadoras da Formación Profesional.

**26 de maio de 2022**